

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA), CONCELLO DE OURENSE E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE EFICIENCIA E SOSTENIBILIDADE ENERXÉTICA (ENERGYLAB), PARA A ELABORACIÓN DO ANTEPROXECTO ECOURENSE – PROXECTO INTEGRAL DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CONCELLO DE OURENSE.

En Santiago, a 21 de xuño de 2017.

REUNIDOS

Dunha parte, Ángel Bernardo Tahoces, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia en adiante Inega, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5 (15703 Santiago de Compostela) e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, Jesús Vázquez Abad, en nome e representación do Concello de Ourense, con domicilio na Praza Maior, nº 1 (32005 Ourense) e na súa calidade de Alcalde-Presidente, elixido na sesión constitutiva da corporación municipal do 13 de xuño de 2015, actuando en virtude das atribucións que lle confire a lexislación vixente.

Doutra parte, Manuel Fernández Pellicer, en nome e representación da Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética en adiante Energylab, con domicilio en Edificio CITE XVI – Fonte das Abelleiras s/n, 36310 Vigo, na súa calidade de Presidente da Fundación.

As partes, recoñécense mutuamente, na representación que ostentan, suficiente capacidade legal para a formalización do presente Convenio de Colaboración,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a competencia en materia enerxética segundo o disposto no seu artigo 28.3. O Inega é unha axencia pública cuxo obxecto é a execución da política autonómica en materia de enerxía e entre os seus fins figuran “o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento,

desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias”.

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- O Concello de Ourense correspóndelle o goberno e a administración da cidade de Ourense, o réxime de organización do municipio é o establecido polo Título X da Lei 7/1985 reguladora das bases de Réxime Local, desenvolvido polo regulamento orgánico de goberno e organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, aprobado polo Concello Pleno o 6 de maio de 2005 e modificado o 4 de xullo de 2008 e o 7 de setembro de 2012 publicado no BOP do 14/11/2012.

Terceiro.- EnegyLab é unha Fundación de carácter privado e sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2008/24. Tendo como misión desenvolver e difundir tecnoloxías, produtos e hábitos de consumo que optimicen a eficiencia e a sustentabilidade enerxética, nos sectores industrial, terciario, transporte e na sociedade en xeral.

Como actividades fundacionais enumeradas nos seus estatutos encontrase a colaboración ca administración en temas relacionados con aforro e eficiencia enerxética.

Cuarto.- Que as entidades asinantes, están interesadas en colaborar no anteproxecto que permita dispoñer dunha primeira aproximación do orzamento total da elaboración do proxecto EcOurense, dito proxecto comprende diversas liñas de actuación en materia de eficiencia enerxética e sustentabilidade ambiental a levar a cabo no barrio de A Ponte no Concello de Ourense.

CLÁUSULAS

Primeira.- ALCANCE

O alcance da actividade conveniada comprende diversas liñas de actuación a nivel de edificios, alumeadado público, mobilidade sostible, de xeración de enerxía a partir de fontes renovables e a implantación de sistemas de control e xestión intelixentes.

A nivel de edificios públicos, as actuacións centraranse nestes trinta e cinco edificios:

- Complexo termal de Outariz
- Colexio Casardomato
- Serviocio Eiroás
- Colexio Virxe de Covadonga
- CEIP Virxe de Covadonga
- IES Julio Prieto Nespereira
- Complexo Deportivo Municipal de Oira
- Estación de Autobuses
- Centro Cívico A Ponte
- Estación de Trens
- Centro de Saúde A Ponte
- Estación Empalme
- Correos
- Asociación Frei Canedo
- Espazo Lusquiños
- Museo do Ferrocarril
- IES 12 de Octubre
- Campo da Feira e Cemiterio das Burgas
- CEIP A Ponte
- Policía Local
- Praza de Abastos A Ponte
- Hospital de Día Sergas
- 13 asociacións de veciños

A nivel de edificios privados, as actuacións centraranse en aqueles ubicados nas zonas mais desfavorecidas, como nas zonas de Covadonga e Vinteún.

A nivel de barrio, estas comprenden aqueles relacionadas con:

- Alumeado público
- Mobilidade sostible
- Sistemas renovables de District Heating:
 - Zona sur do barrio de A Ponte (Quintián e Caldas)
 - Polígono Industrial As Coiñas

Segunda.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a realización dun estudo que sirva para realizar o proxecto EcOurense, consistente na realización dun proxecto integral de referencia a nivel europeo relacionado ca eficiencia enerxética a sustentabilidade medioambiental e a descarbonización a nivel de barrio no ámbito urbano do Concello de Ourense (barrio de

A Ponte), que supoña unha redución drástica das emisións de gases de efecto invernadoiro xeradas pola actividade propia do barrio.

Como obxectivos específicos do proxecto establécense os seguintes:

- A nivel de edificios, actuar na redución das súas demandas enerxéticas e na xeración de enerxía mediante o aproveitamento de fontes renovables de orixe local e a súa posible acumulación, tanto a nivel de edificios de titularidade pública (municipal, autonómica y estatal) como privada (fundamentalmente, en aqueles emplazados en zonas do barrio de A Ponte máis desfavorecidas).
- A nivel de alumado público, substituír as instalacións actuais por tecnoloxía máis eficiente en combinación co aproveitamento de fontes renovables de orixe local e a implantación de sistemas avanzados de telexestión.
- Respecto o ámbito de la mobilidade, levar a cabo transformacións de flotas de vehículos de servizos municipais a gas e a electricidade, implementando puntos de recarga pública para os vehículos eléctricos que aproveiten fontes renovables de orixe local.
- Un dos referentes do proxecto é implantar un sistema de District Heating que proporcionen enerxía térmica, por un lado, a zona sur do barrio de A Ponte, e, por outro, o Polígono Industrial de As Coiñas, de forma que a maior parte de esta enerxía proceda de fontes renovables de orixe local.
- Para o adecuado control e xestión das novas instalacións, así como para garantir os seus niveis óptimos de rendemento, o obxectivo e desenvolver e implementar sistemas de control e xestión intelixentes a todos os niveis do proxecto: edificios, alumado público, mobilidade e sistema de District Heating.

A nivel cuantitativo, o obxectivos son:

- Reducir o consumo enerxético global en, a lo menos, un 30% respecto o actual.
- Que as enerxías renovables supoñan, a lo menos, un 30% da enerxía final consumida.
- Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro en, a lo menos, un 45% respecto as actuais.

Para a mobilización dos fondos que permitan levar a cabo o proxecto, o obxectivo e mobilizar aqueles correspondentes o Plan de Investimentos para a Unión Europea (Plan Juncker), fondos correspondentes a Xunta de Galicia e fondos privados correspondentes a Empresas de Servizos Enerxéticos que vaian a formar parte do proxecto.

Terceira.- APORTACIÓNS DAS PARTES

Correspóndelle a Energylab:

Realizar o anteproxecto que inclúa con detalle as actuacións a levar a cabo e unha estimación orzamentaria do seu custo.

Correspóndelle o Concello de Ourense :

Aportar os recursos humanos e materiais, que permitan o acceso as instalacións propias e xestionar o acceso as de titularidade, estatal e privada, sobre as que teña potestade, facilitar os datos de que dispoña (planos, consumos de enerxía, etc.), podendo así dispoñer de toda a información que se precise para o correcto desenvolvemento do anteproxecto.

Correspóndelle ao Inega :

Xestionar o acceso as instalacións de titularidade autonómica, para poder dispoñer de toda a información que se precise para o correcto desenvolvemento do estudo obxecto deste Convenio, así como facilitar os datos dos que dispoña das mesmas (planos, consumos de enerxía, etc.).

Achegar a Energylab a cantidade de sesenta e tres mil oitocentos dezasete euros con oitenta e dous céntimos (63.817,82 €) (IVE incluído) como compensación polos gastos que lle ocasiona a esta a realización do obxecto do convenio.

A dita cantidade supón o 60 % do custo total da actividade obxecto do convenio (106.363,04 €), actividade que non lle supoñen ningún lucro á entidade ENERGYLAB, pola súa condición de Fundación de carácter privado sen ánimo de lucro, que ten como misión desenvolver e difundir tecnoloxías, produtos e hábitos de consumo que optimicen a eficiencia e a sostenibilidade enerxética, e como actividade fundacional a colaboración ca administración en temas relacionados con aforro e eficiencia enerxética.

Cuarta.- ORZAMENTO-FINANCIACIÓN

O orzamento para a realización das actuacións derivadas deste Convenio ascende a sesenta e tres mil oitocentos dezasete euros con oitenta e dous céntimos (63.817,82 €) (IVE incluído) que será aportado polo Inega, existindo dispoñibilidade orzamentaria na aplicación 09 A2 733A 641.4 código proxecto 201600010, dos orzamentos do Inega para o ano 2017.

Quinta.- XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO

Unha vez rematada a actividade conveniada, Energylab para os efectos de xustificación deberá presentar ante o Inega a seguinte documentación:

- Dou exemplares do anteproxecto en papel, e un en soporte dixital, neste último formato deberanse entregar todos os documentos, nun formato que poida ser

facilmente modificable por parte do Inega (exemplo: documentos de texto en formato “.doc “ ou similar, follas de cálculo en formato “.xls” ou similar, planos en formato “.dwg”, “.shp” ou similar, ...).

- Un certificado asinado pola persoa responsable onde se exprese que por parte da sociedade se realizou a totalidade do obxecto do convenio.
- Certificacións de estar ao día no pagamento coa AEAT, a Seguridade Social e Facenda autonómica (ATRIGA).
- O Inega, aboará a contía fixada na cláusula quinta contra presentación por Energylab da factura correspondente e trala conformidade o Inega do cumprimento das obrigas.

A factura expedirase a nome do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) (NIF: Q1500256A), e presentarse, preferentemente, en formato electrónico a través do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia regulado na Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 50, do 13/03/2015). O acceso ao sistema de facturación electrónica e á información sobre el realizarase a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.

En todo caso, o Inega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do convenio e calquera outra que considere oportuna para a correcta xustificación do gasto e do seu pagamento.

Sesta.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para os efectos de coordinación, información e seguimento a que desen lugar as actuacións proxectadas, así como tamén para a interpretación e resolución de controversias que se puideran producir en base a este convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento, cun representante designado por cada unha das partes asinantes.

Esta Comisión reunirase as veces que sexa preciso, sen datas definidas, ata a finalización do convenio.

Sétima.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non supón ningunha relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais de Energylab que vaian a desenvolver as actividades o Concello de Ourense e o Inega, de tal xeito que non se lle pode esixir á

entidade pública ningunha responsabilidade polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

Oitava.- PROPIEDAD INTELECTUAL E MATERIAL

A propiedade da documentación e información obtida como consecuencia do desenvolvemento das cláusulas que rexen este convenio, será de titularidade compartida entre o Inega, Energylab e o Concello de Ourense, e ningunha das partes poderá difundir, divulgar ou publicar a dita documentación e información sen consentimento expreso das outras partes.

A propiedade e utilización científica dos datos e dos resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente polos asinantes, que se comprometen a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos así como a publicar conxuntamente os resultados.

A información obtida como consecuencias das actuacións obxecto do presente convenio poderá ser utilizada polas partes, as cales se comprometen a non cedela a terceiros, ao rigoroso respecto á normativa de protección de datos e a non utilizala con fins comerciais.

Novena.- VIXENCIA

A vixencia do Convenio será 5 meses contados dende a data de formalización do mesmo, sen posibilidade de prórroga, e sempre no exercicio orzamentario de 2017.

Décima.- RESOLUCION DO CONVENIO

O presente convenio poderá ser resolto,

- a) Por acordo mutuo das partes.
- b) Imposibilidade sobrevida de cumprir o obxecto do Convenio.
- c) Incumprimento por algunha das partes do disposto nas cláusulas do mesmo

Décimo primeira. PROTECCIÓN DE DATOS

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolve.

A tal efecto as partes comprométense a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente acordo, a non cedelos nin comunicalos

baixo ningún concepto a terceiras persoas nin para a súa conservación, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Cada parte responderá dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito ao Instituto Enerxético de Galicia, con enderezo na rúa Avelino Pousa Antelo, 5 CP 15707, Santiago de Compostela, A Coruña.

Cando o cumprimento do obxecto do presente convenio de colaboración, faga necesario que as partes se comuniquen datos de carácter persoal de terceiros, aquelas deberán obter previamente o consentimento do interesado.

Décimo segunda.- PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude do disposto no parágrafo anterior Energylab consinte expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

Décimo terceira.- NATURALEZA E RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

O presente convenio rexerá polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares; polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade, asinase polas partes, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Director do Inega,

O Alcalde de Ourense

O Presidente de Energylab

Ángel Bernardo Tahoces

Jesús Vázquez Abad

Manuel Fernández Pellicer